



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección de fotografía

Materia	Dirección de fotografía			
Código	P04G071V01205			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Bellón Rey, Leticia			
Profesorado	Bellón Rey, Leticia Fraga Pérez, Andrés			
Correo-e	ledibellon@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Desenvolvemento das funcións específicas da dirección cinematográfica, incidindo no deseño visual da obra e o liderado en todas as fases da produción.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
B8	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de maneira ordenada adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
C10	Deseñar a posta en escena, iluminación e dirección de actores dunha produción audiovisual.
C11	Definir proxectos persoais de creación innovadora que contribúan ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
C16	Coñecer e aplicar as tecnoloxías audiovisuais (fotografía, cinema, radio, televisión e multimedia) en función das súas capacidades expresivas.
C18	Capacidade para levar a cabo a gravación, composición, edición e postproducción de produtos audiovisuais.
C21	Coñecer e aplicar as técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Aplicar os mecanismos da linguaxe audiovisual para construír un relato fílmico.	B3	C10	D1
	B4	C11	
	B7		
	B8		
2. Planificar, realizar e supervisar a dirección de fotografía dunha produción audiovisual, así como a organización do departamento de fotografía.	B3	C16	D4
	B6	C18	
	B7	C21	

3. Coñecer as funcións propias do equipo humano no departamento de fotografía.	B6	C16 C18 C21	D4
4. Deseñar e materializar o tratamento visual no marco dun relato audiovisual.	B3 B7	C10 C21	D1 D4
5. Coñecer a tecnoloxía audiovisual en canto a equipos de iluminación, equipos de cámara e maquinaria para utilizalos de maneira adecuada.	B3	C16 C21	D4
6. Interiorizar a teoría da cor e comprender a súa influencia na narrativa da obra.	B7	C21	
7. Coñecer os diferentes estilos lumínicos utilizados nos xéneros e correntes cinematográficas.	B3	C10 C21	D4
8. Dominar os esquemas de iluminación esenciais sobre os que construír esquemas de iluminación máis complexos.	B7	C10 C21	D4
9. Coñecer os diferentes estilos de composición utilizados nos xéneros e correntes cinematográficas.	A2	B3 C16 C18	
10. Aprender a expoñer correctamente a imaxe, controlando a apertura, a sensibilidade, a obturación e a velocidade de fotogramas.	A2	C16 C18 C21	D4
11. Etalonar a imaxe con programas informáticos para adaptala ao deseño visual da obra fílmica.	A2	B3 C16 C18 C21	D4

Contidos

Tema

1- Dirección de Fotografía.	1.1- Definición. 1.2- Acercamiento histórico. 1.3- Funcións da directora de fotografía.
2- Teorías e técnicas de iluminación.	2.1- A influencia da luz na interpretación do relato. 2.2- Principais esquemas de iluminación cinematográfica. 2.3- Tendencias actuais de iluminación.
3- A calidade da luz.	3.1- A dirección. 3.2- A textura. 3.3- A temperatura de cor.
4- A composición cinematográfica.	4.1- Antecedentes: A composición pictórica. 4.2- Regras compositivas. 4.3- Estilos de composición na pantalla.
5- Os equipos de rodaxe: coordinación do equipo técnico e elección dos recursos materiais.	5.1- O equipo de cámara. 5.2- O equipo de eléctricos. 5.3- Accesorios e ferramentas no set.
6- Corrección de cor.	6.1- Teoría da cor. 6.2- Fluxo de traballo: da rodaxe ao laboratorio. 6.3- Etalonaxe digital con Davinci Resolve.
7- Documentación específica.	7.1- Guión técnico. 7.2- Planta de cámara. 7.3- Planta de luces. 7.4- Listados de material técnico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	20	30
Estudo de casos	6	8	14
Prácticas de laboratorio	18	40	58
Aprendizaxe baseado en proxectos	2	6	8
Aprendizaxe baseado en proxectos	2	6	8
Aprendizaxe baseado en proxectos	2	6	8
Prácticas con apoio das TIC	4	8	12
Observación sistemática	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a das bases teóricas da materia, así como a organización da mesma.
Estudo de casos	Visionado e análise de propostas audiovisuais con criterios vencellados co deseño dunha proposta de dirección de fotografía dende un punto de vista técnico e artístico

Prácticas de laboratorio Iluminación e captación de imaxe en plató. Fluxo de traballo en rodaxe.
 Aprendizaxe baseado en Desenvolvemento de tres proxectos de dirección de fotografía, un individual e dous elaborados en proxectos grupo.
 Aprendizaxe baseado en proxectos
 Aprendizaxe baseado en proxectos
 Prácticas con apoio das TIC Prácticas de corrección de color y obtención de look final. Flujos de trabajo en postproducción.
 TIC

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	O alumno realizará prácticas con material de cámara, de iluminación e de postproducción.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumno desenrolará proxectos prácticos, individuais e en grupo sobre os contidos da materia.
Prácticas con apoio das TIC	
Aprendizaxe baseado en proxectos	
Aprendizaxe baseado en proxectos	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	Desenvolvemento dun proxecto audiovisual de forma individual, centrado na elaboración dunha proposta orixinal de dirección de fotografía demostrando coñecer os aspectos técnicos implicados no proceso.	20	A2 B3 C10 D1 B4 C11 B6 C16 B7 C18
Aprendizaxe baseado en proxectos	Desenvolvemento dun proxecto audiovisual en grupo, centrado na elaboración dunha proposta orixinal de dirección de fotografía demostrando coñecer os aspectos técnicos implicados no proceso.	20	A2 B3 C10 D1 B4 C11 B6 C16 B7 C18
Aprendizaxe baseado en proxectos	Desenvolvemento dun proxecto audiovisual en grupo, centrado na elaboración dunha proposta orixinal de dirección de fotografía demostrando coñecer os aspectos técnicos implicados no proceso.	20	A2 B3 C10 D1 B4 C11 B6 C16 B7 C18
Observación sistemática	Seguimento da evolución do alumno nas clases teóricas e prácticas, valorando a asistencia e participación nas clases.	12	B3 C10 D4 B4 C11 B6 C21 B7
Exame de preguntas obxectivas	20 preguntas de resposta curta sobre o temario proposto e exposto nas clases teóricas.	28	B4 C16 D4 C21

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno poderá optar a dous tipos de avaliación: **continua e global.**

1 - **Avaliación continua:** Serán aplicados as porcentaxes e conceptos anteriores; aprendizaxe baseado en proxectos, resolución de problemas e/ou exercicios e a observación sistemática.

2 - **Avaliación global:** De acordo ao establecido no **Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado**, o estudante que non opte pola modalidade de avaliación continua, terá dereito a unha proba global nas datas que a Facultade determine. Será un proba única e que permitirá cualificar ao alumno entre 0 e 10, igual que na avaliación continua. O alumnado deberá informar ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continúa no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

Avaliación global da materia.

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispor de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

Proba 1. Exame. Valoración do 40% sobre o total da nota.

Proba 2. Dous traballos prácticos. Valoración do 30% sobre o total da nota.

Proba 3. Actividades prácticas. Valoración do 30% sobre o total da nota.

Os estudantes deberán obter unha cualificación mínima de 5 puntos en todas as probas.

Proba 1. Exame teórico. Realizarase o exame teórico previsto para a materia tanto para a avaliación global como continua. O exame será avaliado coas mesmas pautas para todo o alumnado. O exame ten un valor do 40% sobre o total da nota sendo preciso obter unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas.

Proba 2. Traballos prácticos. Facer entrega de dous proxectos audiovisuais de forma individual, centrados na elaboración dunha proposta orixinal de dirección de fotografía demostrando coñecer os aspectos técnicos implicados no proceso. O conxunto dos traballos (2) ten un valor do 30% sobre o total da cualificación. Debe obterse unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un dos traballos para superar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas. Os traballos serán entregados na data e horario do exame. O detalle dos contidos dos traballos, metodoloxías e criterios de avaliación serán facilitados aos estudantes de avaliación global unha vez rematado o prazo de renuncia expresa á avaliación continua.

Proba 3. Actividade práctica. Tras a elaboración do exame os estudantes de avaliación continua deberán asistir co docente a sala de prácticas habitual, onde deberán realizar actividades prácticas semellantes ás realizadas polos alumnos de avaliación continua, empregando os mesmos recursos e equipamentos empregados por estes. A proba durará un máximo de dúas horas dende o comezo da mesma. O detalle das probas así como os criterios de avaliación será remitido ao alumnado nun prazo non superior a un mes dende a renuncia efectiva a súa avaliación continua. A selección de actividades prácticas, no seu conxunto, ten un peso do 30% sobre o total da cualificación sendo preciso obter unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas.

A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALMENDROS, N., **Días de una cámara**, Seix Barral, 1996

Bibliografía Complementaria

BALLINGER, A., **Nuevos Directores de Fotografía**, Ocho y Medio, 2004

BROWN, B., **Cinematografía teoría y práctica : la creación de imágenes para directores de fotografía, directores y operadores de vídeo**, Omega, 2008

LANDAU, D., **Lighting for cinematography**, Bloomsbury Publishing Plc, 2014

MARTÍNEZ ABADÍA, J. SERRA FLORES, J., **Manual básico de técnica cinematográfica y dirección de fotografía**, Paidós, 2000

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G071V01108

Comunicación: Teoría e técnica da imaxe/P04G071V01103

Teoría e técnica cinematográfica/P04G071V01109

Teoría e técnica da fotografía/P04G071V01105